



**ACTA Nº 5 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO DE OBRA “NOVA LUDOTECA E ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS E DO
ENTORNO”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D^a. M^a Magdalena Pérez Millares (Concelleira Delegada de Servizos Sociais).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Pilar Sánchez Fariña (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 09:45 horas.

HORA DE REMATE: 10:05 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **20 de xullo de 2016**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de obra “Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno” (cláusula 15^a do Prego- tipo de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Cualificación da documentación presentada polo empresario proposto para a adxudicación do contrato de obra “Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta da presentación polo empresario CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., dentro do prazo outorgado ao efecto, da documentación que lle foi requirida por resolución da Alcaldía núm. 384/2016, do 5 de xullo, consonte ao previsto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e que é a seguinte:

1. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2. Garantía definitiva por importe de 6.432,56 euros, equivalente ao 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.
3. Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato, polos medidos que indican os pregos.
4. Documentación acreditativa do cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración (cláusula 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares).

Examinada a documentación presentada polo licitador, compróbase que se axusta ao previsto na cláusula 16^a dos pregos de cláusulas administrativas particulares e verifícase a súa integridade e corrección.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Declarar cumprido polo empresario CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. o requirimento de achega da documentación necesaria para a adxudicación ao seu favor do contrato de obra “Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno”.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, para os efectos da adxudicación do contrato de obra "Nova ludoteca e acondicionamento dos accesos e do entorno".

Porto do Son, 20 de xullo de 2016.

Presidente,




D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,



D.ª María José Maneiro Quintáns.

Vogal,




D.ª M.ª Magdalena Pérez Millares.

Vogal,



D.ª M.ª Mar Lirota Delgado.

Vogal,



D. José Manuel González García.

Secretaria,



D.ª M.ª Pilar Sánchez Fariña.